



Congreso: “Formación e Competencias na nova Sociedade”

A Coruña, do 11 ao 14 de abril

XAVIER GISBERT DA CRUZ

- É licenciado en filoloxía francesa pola Universidade Complutense de Madrid e catedrático de francés desde 1981. Desempeñou grande parte da súa carreira docente en institutos de ensino secundario de Andalucía e Madrid.
- De 1997 a 2000 ocupou no Ministerio de Educación, Cultura e Deportes diversos postos, entre eles o de director do Gabinete da Secretaría Xeral de Educación. Tras un breve período como conselleiro técnico no Instituto Nacional de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo (INACSE), foi nomeado conselleiro de Educación na Embaixada de España en Londres, cargo que exerceu ata o ano 2004. Posteriormente, durante tres anos dirixiu o Centro Rexional de Innovación e Formación “Las Acacias”, da Comunidade de Madrid, e, de 2007 a 2011, foi director xeral de Mellora da Calidade do Ensino da Consellería de Educación da Comunidade de Madrid.
- Actualmente ocupa o cargo de director xeral de Avaliación e Cooperación Territorial no Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.